



## ANUNCIO

Para coñecemento xeral, e de conformidade co disposto no artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, faise saber que o alcalde ditou a seguinte

## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional.

TENDO EN CONTA que o Pleno do Concello, en sesión que tivo lugar o 26.06.2023, acordou celebrar sesións ordinarias cunha periodicidade bimensual; que aquelas terán lugar os derradeiros xoves de cada mes, ás 19:00 horas; agás os plenos a celebrar o mes de xullo que se celebrarán ás 9:30 horas e que se ese día cadra en festivo, a sesión se trasladará á véspera, celebrándose o primeiro pleno ordinario o último xoves hábil do mes de setembro do ano 2023.

Logo de ver que o xoves 25 de xullo é festivo e polo tanto día inhábil, polo que procede trasladar a realización do pleno para a véspera do mesmo.

TENDO EN CONTA todo o sinalado e pola competencia que me atribúe o artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local pola presente **RESOLVO**:

**PRIMEIRO.** CONVOCAR unha sesión ORDINARIA do Pleno do Concello para o:

Día: 24/07/2024

Hora: 09:30 h. a 1.ª convocatoria e ás 09:30 h. a 2.ª, dous días despois

Lugar: salón de sesións da Casa do Concello.

Orde do día:

### - PARTE RESOLUTORIA

1.- Aprobación de actas do Pleno do Concello.

1.1.-Acta da sesión ordinaria do 30/05/05/2024. Acta 5/2024.

### II PARTE DE CONTROL

2.- Toma de coñecemento das resolucións da Alcaldía ditadas que van desde a nº 596/2024 do 24/04 ata a 990/2024 do 17/07.

3.-Toma de coñecemento dos reparos de legalidade emitidos pola Intervención Municipal entre o 24/04/2024 ata o 17/07/2024.

4.-Dación de conta do expediente 2024/X998/000168 relativo ao esforzo fiscal.

5.-Dación de conta da remisión ao Consello de Contas dos contratos do exercicio 2021 (Exp. 2024/X999/000391).

6.-Dación de conta da remisión ao Consello de Contas dos convenios do exercicio 2021 (Exp. 2024/X999/000392).

7.-Dación de conta do informe de intervención do avance de liquidación do exercicio corrente referida aos seis primeiros meses do exercicio ( Exp. 2024/X999/000334).

8.- Dación de conta do informe de intervención de execución trimestral 2º trimestre 2024. (Exp. 2024/X999/000393).

9.-Dación de conta do informe de Tesourería do PMP 2º trimestre. (Exp. 2024/X999/000394).

10.-Dación de conta do informe de Tesourería normativa morosidade 2º trimestre 2024. (Exp. 2024/X999/336).

11.-Dación de conta do expediente 2024/X999/000396 relativo ao Plan Anual de Control do Consello de Contas. Auditoría de control interno, contratos e convenios 2021-2023.

12.- Mocións dos Grupos municipais.

13.- Rogos e preguntas.

**SEGUNDO.** NOTIFICARLLES esta resolución aos membros da Corporación, REMITÍNDOLLES minuta das actas que se levan a aprobación e unha copia das propostas de acordo dos asuntos incluídos na orde do día, así como unha relación dos decretos dos que se da conta e dos reparos de intervención, poñendo a súa disposición os antecedentes daqueles na Secretaría do Concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

**TERCEIRO.** PUBLICAR esta resolución no taboleiro de edictos do concello (<https://sede.orosogal.com/abrircms/g/> ) para os efectos do que dispón o artigo 229 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

**CUARTO.** DARLLE CONTA desta resolución ao Pleno do Concello.

En Oroso asinado dixitalmente polo Secretario.  
Federico Suárez Cancelo.